

Número de expediente: 2024/SUBCC/000008

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DAS BASES DA SEXTA EDICIÓN DOS PREMIOS “ERNESTINA OTERO SESTELO” PARA A INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NO ANO 2024.

Logo de examinar o expediente sinalado no asunto da cabeceira, son relevantes os seguintes:

FEITOS:

Primeiro. A Área de Igualdade do Concello de Pontevedra ven levando a cabo nos últimos anos unha serie de iniciativas relacionadas co fomento das actividades relacionadas coa erradicación da violencia de xénero e a non discriminación por razón de sexo.

Para elo, instaurou uns premios, os denominados “Ernestina Otero Sestelo”, que valoran aqueles traballos dos centros escolares de ensino non universitario que supoñan un exemplo de boas prácticas e modelo para futuras iniciativas educativas en materia de igualdade.

En concreto, a Categoría A diríxese ás escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria e centros públicos integrados que presenten proxectos levados a cabo en educación infantil e/ou primaria, a Categoría B a centros públicos integrados que presenten proxectos executados en educación secundaria, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional e centros de educación e promoción de poboación adulta.

Este tipo de actuacións constitúe unha forma de colaboración entre o Concello e o mundo educativo ademais de ser unha das accións da semana do mes de novembro que o Concello adica á loita contra a violencia de xénero.

Segundo. Por providencia da Concelleira delegada de Promoción da Igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía de data 24 de abril de 2024, incóase o procedemento administrativo relativo á convocatoria do presente exercicio e na que convocan a quinta edición dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para elo, proponse a concesión de dous premios nas dúas categorías propostas e cunha dotación económica de 900 € e 500 € respectivamente, acadando un custo máximo de 2.800 €.

Terceiro. Consta no Orzamento de gastos do Concello de Pontevedra para o presente exercicio 2024 na partida orzamentaria 12-2311-48100 coa denominación “Premios: Ernestina Otero e Pinto e Maragota”, crédito polo importe de 9.000 €.

Cuarto.- En data 26 de abril de 2024 o xefe do Servizo de Benestar Social redacta informe ao respecto da lexislación aplicable e do procedemento administrativo a seguir na súa tramitación e no que propón aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para o 2024 contidas no documento con código seguro de verificación KMJHJMVJWBXWWT2V.

Quinto.- O 21 de maio de 2024 emítase informe polo Servizo de Intervención Municipal no que se fiscaliza o expediente con cargo á aplicación orzamentaria 12-2311-48100 por importe de 2.800 €, dando a súa conformidade ao presente expediente.



Procédese a efectuar a retención de crédito mediante a operación 12024000021069.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

Primeiro.- A igualdade entre as mulleres e homes é un principio universal recollido nas declaracións universais e textos constitucionais dos diferentes estados.

Neste senso os artigos 9.2 e 14 da nosa Constitución sinalan que:

“Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Os españois son iguais ante a Lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”

Segundo.- O artigo 1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes sinala que:

“1. As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal for a súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

2. Para estes efectos, a Lei establece principios de actuación dos Poderes Públicos, regula dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas, tanto públicas como privadas, e prevé medidas destinadas a eliminar e corrixir nos sectores público e privado, toda forma de discriminación por razón de sexo.”

Terceiro.- O artigo 1 do Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade sinala que:

“1. A Comunidade Autónoma de Galicia reforza, a través deste texto refundido, o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

2. A Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado pola Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres.

3. Os principios de actuación da Comunidade Autónoma en materia de igualdade son:

a) A busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas.”

Cuarto.- O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, enumera as competencias dos municipios e entre outras sinala a de:

“o) Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”

Por outro lado o artigo 27 sinala como competencias dos municipios atribuídas por delegación, entre outras, a de:

“c) Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.”

Quinto.- O Decreto 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, sinala como funcións no seu artigo 13:



“Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce as funcións de dirección do CIM do concello de Pontevedra, así como a elaboración e participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Pontevedra.”

Sexto.- Cómpre subliñar que, ao abeiro do establecido no art. 38 da Ordenanza Xeral reguladora das subvencións (Título V. Bolsas ou premios), aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro de 2004 (BOP n.º 190, de 30 de setembro de 2004), o réxime aplicable ao outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza deberán axustarse ao contido nesa ordenanza, agás naqueles aspectos no que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

Sétimo.- De conformidade co art. 3 da antedita ordenanza, son subvencións as disposicións de diñeiro realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto. De acordo con isto enténdese a promoción da igualdade como unha actividade de interese social, ademais de ser unha competencia propia municipal.

Oitavo.- O outorgamento de subvencións por parte das entidades locais, como actividade de fomento daquelas cuestións de interese xeral que ao Concello de Pontevedra lle interesa estimular, está prevista e regulada no título II do Regulamento de servizos das entidades locais, de 17 de xuño de 1955.

Noveno.- A Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como a Lei 9/2007 do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia e a Ordenanza municipal reguladora aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro de 2004 (BOP núm. 190 do 30 de setembro do 2004), regulan este tipo de procedementos no tocante á concesión e outorgamento deste tipo de premios en réxime de concorrencia competitiva.

Décimo.- Segundo o disposto no art. 11 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello, o procedemento ordinario para a concesión de subvencións será mediante convocatoria pública e polo procedemento de concurso; e o órgano competente para a aprobación das respectivas bases e a resolución do procedemento é o Alcalde cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros.

Tendo en conta o manifestado pola concelleira na súa providencia a contía máxima estimada para o Premio Ernestina Otero Sestelo é de 2.800 €, polo que non excede da antedita cantidade.

Con base no anterior, este servizo xunta a este expediente as bases do VI Premio Ernestina Otero Sestelo cuxo obxectivo é a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos dos centros educativos do Concello de Pontevedra, xa que son un instrumento axeitado para o fomento da igualdade entre as mulleres e homes, obxectivo da política de igualdade no eido da Administración municipal no marco do V Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra 2023-2026 (PEMIOMH).

Décimo primeiro.- As bases reguladoras do certame conteñen os extremos establecidos no art. 9.1 da Ordenanza de subvencións do Concello, aí como as previsións ás que se refiren os artigos 23 da Lei 38/2003, art. 65.3 do regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, e art. 20.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- No relativo á forma de xustificación dos premios, de acordo co art. 13 da Ordenanza xeral reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, unha vez avaliados os traballos presentados, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria emitirá informe no que concrete o premio.

O órgano instrutor, á vista da acta do xurado, formulará a proposta de pagamento que se remitirá á Intervención Xeral para a súa fiscalización e posterior aprobación polo Alcalde.

Décimo terceiro.- En canto á atribución para o establecemento, aprobación das bases e outorgamento da subvención, segundo o art. 11 da Ordenanza municipal é unha atribución do Alcalde a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros.

Décimo cuarto.- Deberá emitir informe a Intervención Xeral Municipal segundo o establecido nos arts. 213 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas



Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Décimo quinto. O artigo 7.3 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira sinala que:

“As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.”

Décimo sexto.- O xefe do Servizo de Benestar Social, o 26 de abril de 2024, redacta informe ao respecto da lexislación aplicable e do procedemento administrativo a seguir na súa tramitación e no que propón aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para o 2024 contidas no documento con código seguro de verificación KMJHJMVJWBXWWT2V.

Décimo sétimo.- Consta documento de retención de crédito, co número de operación 12024000021069 por importe de 2.800 €, certificando a titular do OXPC, o 21 de maio de 2024 que para a aplicación 2024-12-2311-48100, “Premios: Ernestina Otero e Pinto e Maragota”, existe saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe que se reseña.

Décimo oitavo.- A Intervención Xeral emite informe favorable o 21 de maio de 2024 no que se fiscaliza o expediente con cargo á aplicación orzamentaria 2024-12-2311-48100 por importe de 2.800 €.

Polo exposto, esta Alcaldía, de conformidade co Informe-Proposta do xefe do Servizo de Benestar Social

DECRETA:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da sexta edición do Premio “Ernestina Otero Sestelo” para a incorporación da perspectiva de xénero nos traballos dos centros educativos do Concello de Pontevedra, xa que son un instrumento axeitado para o fomento da igualdade entre as mulleres e homes, obxectivo da política de igualdade no eido da Administración municipal, no marco do V Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra 2023-2026 (PEMIOMH).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto destinado ao pagamento de dito premio con cargo á aplicación orzamentaria do exercicio vixente 2024-12-2311-48100, “Premios: Ernestina Otero e Pinto e Maragota”, por importe de 2.800 €.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán a concesión dos premios “Ernestina Otero Sestelo” para o 2024 contidas no documento con código seguro de verificación KMJHJMVJWBXWWT2V.

CUARTO.- Dispoñer a publicación do texto íntegro das bases da presente convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do concello de Pontevedra, www.pontevedra.gal, así coma o extracto da convocatoria no BOP e na BDNS, pechándose o prazo de presentacións o 19 de xullo de 2024.

Así o dispón e ordena o Sr. Alcalde do Concello de Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica, do que eu como Secretario da Administración Municipal, dou fe.

